

CAPÍTULO 11. ESTOICISMO E EPICUREISMO.

-Jo, eu a verdade é que a vin supermal; zombi total; case non podía falar. Gema fora buscar a Tere e estaba a contar a Julia e Cristina, reunidas no cuarto desta última, o estado no que se encontraba a súa amiga.

- Nin sequera sabe a que hora chegou á casa.

- Eu deixei na no portal ás catro - afirmou Julia.

- É igual; non puido durmir nada; e esta tarde aínda lle daban flashes. Díxome que nunca na súa vida se vira tan emparanoiada. Segundo ela, cada pouco anaco se lle aparecían unhas arañas xigantescas que baixaban do teito polas paredes e metíanselle na cama. Cristina e Julia fixeron xestos de repulsión ao oír isto.

- Estalle ben empregado, a ver se escarmenta e non volve tomar esas porcalladas - opinou Cristina.

- Polo visto foi un tripi; ben, segundo ela un quartito así de pequeno - explicou Gema, debuxando co lapiseiro na súa carpeta un círculo pouco máis grande que a cabeza dun alfinete.

- Cristina preguntouse de onde o tería sacado. Julia figurábaseo, pero non dixo nada.

- Debeu de darllo Roberto - apuntou Gema -. Non vos lembrades de que cando entramos en La Cama ela non nos acompañou ao servizo e foise dereita para a barra? As outras dúas asentiron.

- A Róber xa lle vale - enfadouse Cristina-. Pásase un pouco. Un día destes imos ter un desgusto.

Deseguido volveu intervir Gema:

- Julia, tes que dicirlle que se corte un pouco; a ver se a ti che fai caso.

A rapaza alegou que xa o falara moitas veces con el:

-Pero coma se nada. El di que controla, que un pouco de "vidiña" os fins de semana non fai mal a ninguén...

- Pois a Tere parece que non lle sentou moi ben replicou Cristina.

- Si, e el, mentres dura o mambo non para de moverse e estar alegre - abundou Gema no reproche -; pero cando chega o luns non é persoa, e ás veces ten baixóns de montaña rusa que lle duran ata o mércores ou o xoves.

Nese instante chamaron á porta. Era Sonia, a nai de Cristina.

- Perdoade que vos moleste, ceos. Estoume a preparar un café, e pensei que igual vos apetece tamén a vós.

Gema apresurouse a dicir que non dándolle as grazas.

- E ti, Julia?

- Ai, pois eu si tomaba un cun pouquiño de leite...

- Moi ben, e ti, cariño?

Cristina, co seu sorriso de boneco de porcelana, pediu que lle preparase un descafeinado.

- Agora deseguida volo traio.

Sonia volveu pechar a porta e as rapazas, en vez de continuar a charla, decidiron abrir os cartafolios para empezar a facer o traballo de ética.

Gema entregou ás súas compañeiras o CD interactivo co que realizara o seu sobre Platón.

- E estás seguro de que trae algo de Epicuro? - preguntou Julia.

- Si, xa me fixeí: están todos os grandes filósofos gregos. Son uns debuxos animados megasimpáticos.

- Eu busquei algo sobre o estoicismo e saquei isto da enciclopedia - dixo Cristina, e ensinou un folio escrito polas dúas caras.

- Pero o traballo non era sobre a ética de Epicuro? - cuestionou Gema.

Cristina explicoulle que si, pero que Andrés lles pedira que dedicaran tamén un pequeno apartado a esa outra importante corrente de pensamento contemporáneo, ao epicureísmo.

Mentres poñían en marcha o ordenador Julia colleu a folla do seu compañeiro e comezou a lela:

A ética dos estoicos.

O estoicismo é unha escola filosófica grega e grecorromana fundada por Zenón (natural de Citio, Chipre) na *Stoa Pokilé* ("Pórtico das Pinturas") de Atenas no 300 a.n.e. Ocupou un lugar principal no panorama da filosofía postaristotélica ata o século II d. n.e.

No terreo da ética, o estoicismo baséase na idea de que para alcanzar a felicidade o que debemos facer é vivir en consonancia coa natureza, ou "vivir conforme á natureza", segundo as palabras do propio Zenón (Diógenes Laercio, VII, 87).

A denominada escola cínica, que tivo en Diógenes de Sínope o seu máis coñecido valedor, xa proclamara que todo aquel que queira alcanzar a felicidade debe afastarse dos convencionalismos e tradicións creadas polos homes para convivir en sociedade e, sobre todo, volverse cara á natureza. Agora ben, o que esta escola entendía por "natureza" non era máis que o primitivo que habita en nós, o instintivo.

Para os estoicos, pola contra, vivir de acordo coa natureza quere dicir aceptar a orde que implantou no mundo a divindade. Vivir conforme á natureza significa, con outras palabras, aceptar a lei que rexe todo canto acontece a noso arredor; unha lei que vén a ser o mesmo que o destino. É inútil que os seres humanos non queiramos acatala ou que vaíamos en contra dela: ao final, sempre logrará impoñerse. Ás veces, a lei poderá parecernos cruel; por exemplo, cando permita que haxa mortes, guerras, catástrofes... Pero a lei nunca se equivoca e fai que todo aconteza como ten que acontecer para que reine a harmonía no universo.

Só as persoas que fagan uso da razón se decatarán disto. Por iso, segundo os estoicos, só os que razoan saberán adaptarse ao natural, e así, se encher de felicidade.

Polo demais, cabe destacar que, ao entender desta escola filosófica, a natureza quixo que os seres humanos vivamos en comunidade; máis aínda: que todos nos consideremos membros dunha mesma sociedade, dunha mesma nación. Neste sentido, será sabio quen se considere cidadán do mundo e non de tal ou cual país en particular.

Semellante concepción cosmopolita é a que fará exclamar a Séneca, pensador nacido en Córdoba no século I, encadrado no estoicismo tardío, aquilo de "*Que ridículas son as fronteiras dos homes!*" (*Cuestións naturais*, I, pref. 9)

Nada máis ler isto, Julia levantouse, colleu a súa cadeira e arrimouse ata a mesa onde estaban as súas amigas co ordenador.

- Está a chover - anunciou despois de mirar pola ventá.

- A moto! - exclamou Gema - Váiseme mollar, e laveina esta mañá!

Julia sentouse ao seu carón.

- Sabes o que diría un estoico ante un caso como este?

Gema pensou que a súa amiga quería tomarlle o pelo; aínda así, desexaba oír a resposta.

- Debes crer que hai unha divindade que controla todo e que quixo que chova e se molle a túa moto.

- Pois vaia graza.

- Quen sabe! - saltou Cristina - Igual fíxoo así para que a gardes na miña casa ata mañá e evites un accidente!

Gema preferiu ignorar semellante argumento.

- Ben, ti non te poñas tan dramática - interveu Julia -. O único que te diría un estoico é que aconteceu o que, polas leis que segue o universo, tiña que acontecer. A partir de aquí, podes facer dúas cousas. Podes non aceptalo, e estar toda a tarde maldicindo o balón, co cal o único que conseguirás é desgustarte máis aínda... ou podes aceptalo como un feito normal contra o que é inútil loitar, e así, seguramente, quedaraste máis tranquila, non sufrirás tanto e serás menos infeliz.

Gema puxo cara de non, volveu mirar pola ventá, viu a súa moto aparcada mollándose e concluíu o seguinte:

- Sabedes que vos digo? Que se quere arrancar cando baixe, que arranque; e se non, Alá coidados!: será que está escrito que hoxe vou regresar á casa andando.

Ao outro lado da porta oíuse o ruído das cuncas de café, as culleriñas e os pratos que traía a nai de Cristina nunha bandexa. Julia levantouse para axudala.

- Déixovolo aquí e arranxádesvolo vós, vale? Mirade se necesidades algo máis.

Había edulcorante, panos da mesa vermellos de papel con flores de ouro, dous sobres de café descafeinado, unha xarriña chea de leite e un prato cunha variedade de deliciosas pastas de té.

- Está todo, mamá; grazas.

As outras dúas tamén agradeceron a Sonia o detalle.

- Veña, pois voume e xa non vos molesto máis.

Gema, que seguía sen querer tomar nada, continuou tecleando no ordenador. Cristina e Julia servíronse.

- Aquí tendes a Epicuro.

A moza virou a pantalla para que visen a aquel homiño que aparecía recostado sobre uns coxíns á sombra dunha figueira, recibindo a masaxe dunha escrava nos pés e comendo un racimo de uvas.

- Que vos parece?

As dúas fíxolles graza como lanzaba as uvas cara arriba e caíanlle dentro da boca.

- Busca algo sobre a súa vida mentres terminamos de tomar isto - pediu Cristina. Gema realizou un par de operacións e esperou a que fose o mesmo Epicuro quen se presentase.

- Non se oe - advertiu ao instante a nova.

- É a tarxeta de son; está averiada e só funciona cando leva un intre acendido o ordenador.

- Bo - murmurou Gema mentres se poñía a teclear outra vez -; entón pedirémoslle que nolo conte por escrito.

A rapariga foi seleccionando opcións con rápidos movementos do ratón.

- Xa está!

A imaxe do filósofo quedou conxugada na pantalla. Ao seu lado apareceu unha viñeta co seguinte texto que Gema empezou a ler en voz alta ás súas amigas:

Biografía de Epicuro.

Epicuro naceu na illa de Samos o ano 341 a.n.e. Desde moi novo dedicouse á filosofía, asistindo primeiro ás clases dun platónico chamado Pánfilo e despois ás de Nausífanos, un discípulo do atomista Demócrito que exerceu sobre el unha gran influencia. Con dezaoito anos marchou a Atenas para realizar o servizo militar. Máis tarde, aos trinta e dous, pasou a dedicarse ao ensino. No 307-306 a.n.e., logo de vivir en Mitilene e en Lámpsaco, regresou a Atenas, onde permaneceu ata a súa morte no 271-270 a.n.e. Nesta cidade, seguindo o ronsel dos grandes filósofos, fundou unha escola; para máis acenos, no xardín da súa casa. Alí, os seus discípulos non deixaron de admirarlle e de renderlle os máximos honores, ata cando xa non puido estar con eles.

Epicuro foi un gran escritor. Atribúenselle máis de 300 obras.

Destas, só chegaron ata nós unha carta dirixida a Herodoto sobre cuestións relacionadas coa física, outra dedicada a Meneceo - na que queda exposta a súa teoría ética -, as *Máximas Capitais* e o *Testamento*. Doutra banda, hai que engadir que nun manuscrito pertencente ao Vaticano apareceron unhas Sentenzas que tamén poderían ser enunciadas polo noso home.

- Iso é todo? - preguntou Cristina.

- Si, xa está - respondeu Gema -. Vou sacalo pola impresora.

Mentres Cristina ía lavarse os dentes Julia colocou a bandexa enriba da mesiña de noite, sacudiuse unhas migas sen deixar que caesen ao chan e volveu sentar á beira de Gema.

- Xa ten voz! - exclamou esta ao se decatarse de que o seu personaxe comezara a moverse e a falar.

- Ben! - alegrouse Julia -. Pídelle que nos conte algo sobre a súa doutrina.

Gema reiniciou o programa, apareceu un recadro con varias alternativas e escolleu unha que se destacaba fronte ás demais.

Inmediatamente, apareceu o seguinte epígrafe no centro da pantalla:

Teoría ética de Epicuro.

O filósofo acabábase de incorporar e cos brazos abertos daba a benvida ao seu xardín.

Na escena seguinte Epicuro atopábase fronte a un estanque rodeado por un camiño a cuxos lados ían aparecendo, entre as árbores e a maleza, algunhas estatuas de mármore, macetas con plantas exóticas e bancos de pedra.

- Gustaríame que se tomase boa nota da frase que vai aparecer - dixo á vez que botaba a andar -. Como ben ensina o gran historiador Dióxenes Laercio, é a frase na que mellor queda resumida toda a miña teoría ética.

A pantalla tinguíuse de cor violeta e nuns instantes, letra a letra, foi formándose a seguinte inscrición:

"O pracer é o principio e o fin da vida feliz". (Dióx. Laerc. , X, 129)

Ao cabo duns instantes Epicuro reapareceu entrecruzando os dedos.

A continuación, sen deixar de mirar ao chan, intentou expresar o mesmo con outras palabras:

- A felicidade conséguese a través do pracer. Se queremos ser verdadeiramente felices o único que temos que facer é darnos todo aquilo que nos produza pracer.

Nada máis expresar isto apareceu xunto a el un ancián encorvado con aspecto de eremita e actitude amenazante.

- Hedonista! - exclamou a modo de insulto - Que es un hedonista!

Epicuro, sen apenas inmutarse, separouse un pouco daquel home, pediu desculpas ás mozas polo incidente e ofreceulles a seguinte explicación:

- Chámame hedonista por propoñer como maior ben o pracer, que en grego se di *hedoné*. Debedes saber que ao longo da historia houbo persoas que non aceptaron este punto de vista que eu teño e acusáronme de frívolo, depravado, libertino e unha chea de cousas polo estilo.

- E seica non o es? - inquiriu o seu detractor.

- Non. O que ocorre é que habedes malinterpretado os meus ensinamentos. Cando eu falo de pracer vos pensades nos gozos do corpo, nas satisfaccións que producen a comida, a bebida, a posesión de riquezas, o sexo...

- E non vos referides a iso?

- Non exactamente.

O ancián esixiulle entón que describise con precisión que entendía el por "pracer".

- Debemos considerar pracer todo aquilo que nos reporte paz, acougo, tranquilidade, *ataraxía*, e que tamén leve consigo a *aponía* ou ausencia de dor. Noutros termos: pracenteiro é soamente o que tras gozarse non se volve doloroso.

As mozas tomaron nota desta definición. Despois, seguiron escoitando ao mestre:

- O viño, por exemplo, só se poderá considerar fonte de pracer se tras tomalo fainos sentir ben e non nos produce mareos, náuseas ou algunha enfermidade, nin é causa de que fagamos ou digamos cousas das que máis tarde teñamos que arrepentirnos. O mesmo ocorre coa comida: só será pracentera si é seguida dunha boa dixestión e proporciona saúde ao noso organismo. No que respecta ao sexo...

- Segue, segue, non che deteñas! - animoulle o ancián.

- O sexo é un verdadeiro pracer cando actúa como un bálsamo sobre o corpo axitado que busca descanso, comunicación, a calor doutro corpo, compartir a enerxía que ten dentro... Pero devén todo o contrario cando permitimos que se converta nunha obsesión

que nos escraviza, céganos, e impide que nos comportemos cabalmente.

A Cristina pareceulle sumamente correcta esta última caracterización, motivo polo cal anotouna no seu caderno. Logo, tras poñer de novo en marcha o programa, escoitou a Epicuro enunciar o seguinte:

- Habemos de calcular as consecuencias que a aplicación de algo que cremos que é un pracer pode producir no futuro. Só así descubriremos cales son os auténticos praceres. En efecto, se somos prudentes e detémonos a reflexionar sobre os resultados que poden seguirse dalgunhas accións, enseguida decatáronos de que hai praceres que duran un intre e que logo producen moita dor (polo que non deben ser tidos como verdadeiros praceres), e hai dores (como, por exemplo, os que produce a limpeza dunha ferida) que a longo prazo nos procuran un estado máis pracenteiro que o que gozabamos antes de soportalos.

Con todo, tal e como pode lerse no párrafo 132 da *Carta a Meneceo*, o que nos ha de quedar claro é isto:

"Cando dicimos que o pracer é a única finalidade non nos referimos aos praceres dos disolutos e crápulas, como afirman algúns que descoñecen a nosa doutrina ou non están de acordo con ela ou a interpretan mal, senón ao feito de non sentir dor no corpo nin turbación no alma. Pois nin os banquetes nin os festexos continuados, nin o gozar con moziños e mulleres, nin os peixes e outros manxares que ofrecen as mesas ben servidas fannos a vida agradable, senón só o xuízo certo que examina as causas de cada acto de elección ou aversión e sabe guiar as nosas opinións lonxe daquelas que enchen a alma de inquietude (...)

A cada desexo é menester preguntarse: Que sucederá se non se satisfai? Que pasará se non se lle atende? Só o coidadoso cálculo dos praceres pode conseguir que o home se baste a si mesmo e non se converta en escravo das necesidades e da preocupación polo mañá. Pero este cálculo só pode deberse á prudencia. A prudencia é aínda máis preciosa que a filosofía, porque dela nacen todas as demais virtudes e sen ela a vida non posúe dozura, nin beleza nin xustiza".

Á dereita da pantalla apareceu escrito o texto. Gema conxeou a imaxe e Julia puido copialo integramente.

- Pero entón, a túa teoría coincide en boa parte coa de Aristóteles! - exclamou o ancián ao poñerse o programa outra vez en funcionamento.

- A miña formulación é, no fondo, similar ao de todos os filósofos que chegaron á conclusión de que a felicidade, en última instancia, baséase no exercicio da razón ou na sabedoría. E tamén coincide co cristianismo, na medida en que considera máis pracenteiro facer o ben que recibilo.

O ancián mostrouse gratamente impresionado.

- Debo, pois, pedirche desculpas; en verdade descoñecía o verdadeiro alcance da túa obra...

- Quedas perdoado. Pero non che afastes aínda, porque me gustaría que oíses estoutros consellos que tamén quero dar para alcanzar a felicidade.

As mozas dispuxéronse a tomar boa nota deles.

- Para vivir pracenteiramente resulta oportuno adquirir costumes sinxelos e pouco

custosos, ou sexa, evitar os vicios e non crearse moitas necesidades. O ideal sería non ter que depender de nada que nós mesmos non nos poidamos fornecer.

Doutra banda, convirá sempre manterse alleo á política: tende a fomentar a ambición e xera moitas preocupacións.

Finalmente, haberá que ter un coidado exquisito no cultivo da amizade. O feito de verse rodeado de persoas ás que un aprecia sentíndose igualmente apreciado por elas, constitúe quizais o maior pracer que lle é dado experimentar a calquera mortal.

Ao oír isto, Julia, Cristina e Gema miráronse compracidas.

- Si que é un pracer ter amigas como vós! - asegurou Julia.

- Si - engadiu Gema -, haberá que darlle a razón a Epicuro.

Acto seguido, o filósofo prestouse a profundar nalgún dos aspectos tratados. As mozas aceptaron o ofrecimiento para completar algúns puntos do seu traballo. Despois, tivo lugar unha cordial despedida.

- Que hora é xa? - preguntou Cristina mentres se desperezaba.

- As sete - contestou Gema.

- E o cine é ás sete e media, non?

As súas dúas compañeiras asentiron.

- Veña, pois cámbiome nun par de minutos e ímonos.

Actividades capítulo

1 TODOS A ESCENA

Imaxina un escenario como o do famoso cadro de Miguel Anxo titulado *A Academia* no que se dan cita todos os filósofos que estudamos ata agora. Elabora un diálogo proclamando as ideas e consignas, contrastándoas coas do resto. Podes suscitar distintas situacións da nosa vida cotiá nas que se mostren un comportamento socrático, sofista, platónico, aristotélico, cínico, escéptico, estoico e epicúreo.